

RESOLUCIÓN reitoral do 24 de abril de 2025 pola que se publica a relación provisional de axudas concedidas e denegadas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense

De acordo coa base décima da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de axudas concedidas e denegadas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2025 no Campus de Ourense e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Segundo.- As persoas solicitantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación desta resolución para presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

ANEXO-Cursos extensión 2025 Campus de Ourense-Relación provisional de axudas concedidas e denegadas

Axudas concedidas:

Solicitante	Curso proposto	Puntuación obtida	Achega da Universidade de Vigo (€)
María Fernández González	Retos actuais e futuros na conservación da biodiversidade	8,5	4.000
José Luis Legido Soto	Termalismo: descubrindo Extremadura, Portugal e Galicia	7,5	4.000
Xosé Ramón Campos Álvarez	Ourense no tempo: historia, arte e Tradicións (III)	5,5	4.000
Jesús Deibe Fernández Simo	Recursos socio-educativos e metodoloxías activas para transformar a educación	5,5	3.628
María Lameiras Fernández	A construción sociocultural no amor romántico	5	3.356
Breogán Riobóo Lois	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas	4	3.869,6

O curso "Audiovisual galego. Traspasando fronteiras" é proposto a iniciativa da Vicerreitoría do Campus de Ourense, financiado pola Cátedra Carlos Casares

Axudas denegadas:

Solicitante	Curso proposto	Puntuación obtida
David Fernández Calviño	O mundo dos cogomelos	3,7
Manuel Diz Folgar	De Novato a Greek: IoT para o teu fogar en tempo récord	3,5
Luis Fernández Couñago	Git e GitHub: control de versións e colaboración en desenvolvemento de software	3,5
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D	3